



Resolución definitiva do 16 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de centros docentes seleccionados para desenvolver no curso 2021/22, o programa *“Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”*

A convocatoria da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria, secundaria, educación especial e formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que desexen participar no programa *“Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”*, do 9 de abril do 2021, establece as bases para a selección destes centros.

Finalizado o procedemento de selección establecido na citada convocatoria, procédese a facer pública a relación de centros docentes seleccionados para a implementación do programa., segundo o disposto no apartado décimo segundo.

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En consecuencia, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

RESOLVE

Autorizar ós centros educativos que se relacionan no anexo desta resolución para o desenvolvemento de programas dirixidos a mellorar a convivencia nos centros e o contribuir ao benestar emocional de toda a comunidade educativa.

Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2021

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema



**ANEXO**

Relación dos centros seleccionados e excluídos para desenvolver no curso 2021/22 o programa de "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade"

| Centros seleccionados | | | |
|------------------------------|-------------------------------------|-----------------|------------------|
| Código | Centro | Concello | Provincia |
| 15024941 | CEIP A Laxe | A Coruña | A Coruña |
| 15027253 | CEIP Isaac Díaz Pardo | Culleredo | A Coruña |
| 15033101 | CEIP Plurilingüe de Outes | Outes | A Coruña |
| 15019311 | CEIP María Barbeito | A Coruña | A Coruña |
| 15020911 | CPI Plurilingüe de Vedra | Vedra | A Coruña |
| 27006966 | IES San Rosendo | Mondoñedo | Lugo |
| 32009301 | CEIP Plurilingüe de Seixalbo | Ourense | Ourense |
| 32008941 | IES Eduardo Blanco Amor | Ourense | Ourense |
| 32016777 | IES Carlos Casares | Viana do Bolo | Ourense |
| 36015202 | CEIP de Lourido | Poio | Pontevedra |
| 36010708 | CEIP Emilia Pardo Bazán | Vigo | Pontevedra |
| 36003807 | CEIP Rosalía de Castro | O Grove | Pontevedra |
| 36001033 | CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo | Cangas | Pontevedra |
| 36007710 | CEP Santa Mariña | Redondela | Pontevedra |
| 36020261 | IES Plurilingüe Terra de Tunorio | Gondomar | Pontevedra |

| Centros excluídos | | | |
|--------------------------|---------------------|-------------------|------------------|
| Código | Centro | Concello | Provincia |
| 15002581 | IES Alfredo Brañas | Carballo | A Coruña |
| 15027976 | IES Poeta Añón | Outes | A Coruña |
| 27006164 | CEIP Albeiros | Lugo | Lugo |
| 27007259 | IES Rio Cabe | Monforte de Lemos | Lugo |
| 27012887 | CEIP de Vicedo | O Vicedo | Lugo |
| 32005305 | CPI Laureano Prieto | A Gudiña | Ourense |
| 32008768 | CEIP O Couto | Ourense | Ourense |

